

Proposta de COnsulta proactiva en coronaVirus epiDémico para Atención Primaria (COVID-AP)

Dirixido a profesionais de Atención Primaria

Estamos nun momento de epidemia de alta contaxiosidade, con risco de expansión e que motiva o illamento domiciliario dos cidadáns. Moitos son persoas maiores, con patoloxías crónicas, con tratamentos ou enfermidades inmunodepresoras. As e os profesionais de Atención Primaria estamos sometidos a unha situación cambiante de consultas e debemos resolver na medida do posíbel de maneira telefónica as demandas asistenciais. Pretendemos establecer unha nova modalidade asistencial para resolver o máximo de incidencias no domicilio e evitar a propagación.

O obxectivo deste tipo de consulta proactiva COVID-AP é adiantarnos á demanda asistencial, resolver dúbidas e necesidades da poboación da nosa contorna, buscando a equidade na resposta.

Método

A través do listado individualizado de pacientes asignados ao cupo, dispoñíbel en Perfís Individuais, trataremos de seleccionar todas as persoas de risco: as maiores de 70 anos e dentro das menores aqueles considerados de risco por enfermidade (pluripatolóxicos, HTA, cardiopatía, diabetes mellitus, patoloxía oncolóxica, a tratamento con biolóxicos, inmunodeprimidos, patoloxía psiquiátrica, neurolóxica...) situación social (marxinalidade, violencia, adiccións, soidade...) encamamento, malnutrición, INR domiciliario, curas crónicas...

No listado figura o CIP, Nome i Apelidos e número de teléfono. Á marxe cada profesional que atende habitualmente un cupo fará un filtrado inicial anotando que profesional debería chamar: `médic@` de familia, `enfermeir@`, traballador social, `matrona...` O obxectivo sería chamar alomenos a todos os maiores de 70 anos, preferiblemente polos profesionais do seu cupo

Quen podería consultar deste modo?

Todos os profesionais sanitarios e sociosanitarios que traballamos na Atención Primaria, incluídos os residentes.

Excluídos: profesionais con demanda inasumíbel e profesionais en illamento ou corentena, que poderán participar voluntariamente dende o seu domicilio

Debería programarse o antes posíbel, para evitar a sobrecarga na demanda espontánea nas semanas vindeiras e promover “queda na casa”

Co fin de axilizar, propoñemos só facer anotacións en IANUS nos pacientes nos que haxa algunha incidencia a criterio do profesional, aos que se recitaría para seguemento. Se un profesional non pode asumir a consulta proactiva COVID-AP máis de dous días repartirase o seu listado entre profesionais da mesma categoría.

Avaliación

Ao final da semana farase unha valoración cualitativa breve acerca da experiencia personal e de grupo. Farase balance destas valoracións ao finalizar a situación

Consideramos esta actividade de especial importancia a realización desta actividade para as e os residentes de medicina familiar e comunitaria, sexa cal sexa o seu ano de formación que estean rotando por hospitais que non estean dando formación pola situación de crise sanitaria provocada por esta pandemia

COnsulta proactiva en coronaVirus epiDémico para Atención Primaria (COVID-AP)

Presentación. Ola! Pregunto por....son... e chamo dende o CS.....

Que tal están?....Necesitan algo de nós?....

Necesidade médica, enfermaría, traballo social, matrona. Pode ocorrer que precise atención especialista hospitalario, ofreceráselles axuda para xestionala

En que están a ocupar o tempo?...

Recomendámoslles non ver a TV en programas de discusión monótonos de forma continuada, para informarse facelo mediante noticias- telediarios televisados ou de radio e poñer programación variada no resto de las horas, música, series, documentales, e ler.

Tamén revisar fotos e ordealas, o mesmo con papeis que almacenamos e nunca ordeamos. Ordear libros, roupas....

Con que están a limpar? ...

Recomendámoslles lixivia diluída un tapón por litro de auga e facer a mestura en un caldeiro. Recordar que non é necesario facer acopio, e que se debe agardar 5 minutos antes de empregar esa superficie. Importante tamén a limpeza de teléfono e teclado de ordenador, caixas de medicamentos se as manipulan varias persoas.

Con un papel desbotábel empapado nesa solución pódense limpar interruptores de luz, timbre e ascensor, pomos da porta da rúa, pasamáns.... Isto pódese facer a persoa que saia facer algo imprescindible.

Tamén empregar papel desbotábel na cociña

Calzado?

Se sae á rúa empregue sempre o mesmo calzado e déixeo na entrada, limpe a sola coa solución de lixivia

Máscara?

Non é necesario empregala na rúa

Luvas?

Non son necesarios nos supermercados, só coa froita.

Lavado de mans?

Con auga morna e xabón antes e despois de saír da casa, estando nela despois de ir ao baño ou cando saíamos a ventás ou balcóns.

Está sentado moitas horas?

Debe levantarse cada hora, con coidado e dar un paseo polo corredor. Estamos facendo un programa de exercicios básicos e faremosllo chegar nos próximos días. Se vive nunha casa illada considérase seguro saír ao patio, xardín ou horta

Está ou síntese só/a?

Indagar.... Valorar saúde física, social, problemas mentais, sociais, xurídicos

Se quere chamarao alguén a diario para facerlle compañía e valorar o seu estado.